

Francisco Caamaño explicará en Monforte as consecuencias que terá tanto para os cidadáns como para o sector xurídico o novo mapa xudicial

A executiva provincial, que dirixe Santín, arranca así o programa de xornadas informativas que levará a cabo nas cabeceiras de comarca con Partido Xudicial, e que se suma a outras accións impulsadas neste senso pola organización socialista. É o caso da campaña de sinaturas, da presentación de mocións no Parlamento e no Senado, ou da elaboración dunha guía informativa, que xa foi distribuída entre a cidadanía

A eliminación da demarcación de Monforte, que dá servizo a un total de 42.000 habitantes de 8 municipios, provocará, entre outras cuestións, que algúns cidadáns, como por exemplo os do Courel, se vexan na obriga de asumir contiosos custos de desprazamento para chegar ao novo Tribunal Provincial de Instancia, que estará situado na capital

Dado que o proxecto do Goberno Central discrimina á cidadanía, limitando o seu acceso á Xustiza, a executiva continuará coa rolda de xornadas informativas a vindeira semana. O próximo encontro, desenvolverase o día 10 de xullo, en Viveiro, e tamén contará coa presenza do ex ministro

MONFORTE DE LEMOS, 1 DE XULLO DE 2014.- A executiva provincial, que dirixe Juan Carlos González Santín, iniciará este xoves en Monforte o programa de xornadas informativas sobre a supresión dos Partidos Xudiciais que pretende levar a cabo o Goberno Central na provincia. Deste xeito, González Santín dá continuidade ao compromiso asumido na reunión mantida a finais de abril con alcaldes e voceiros socialistas, e na que acordaron conxuntamente promover unha serie de mobilizacións nos diferentes municipios implicados pola redución das circunscricións, ademais da presentación de mocións no Parlamento de Galicia e no Senado.

Para elo, o encontro, que dará comezo a partires das 20:30 horas da tarde, no Museo do Viño, e que está dirixido ao público en xeral, contará coa presenza do ex ministro de Xustiza e, actualmente deputado autonómico, Francisco Caamaño. Deste xeito, o reputado político socialista ofrecerá unha ampla análise da Lei Orgánica do Poder Xudicial, así como das consecuencias que terá a súa entrada en vigor tando para os cidadáns como para o sector xurídico.

A reforma afecta a 42.000 habitantes

Na actualidade, a demarcación de Monforte dá servizo a un total de 42.000 habitantes dos municipios de Bóveda, Folgoso do Courel, Pantón, Pobra de Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober. Hoxe en día, a poboación da comarca atópase a unha distancia máxima de algo máis de 30 minutos do Partido Xudicial pero, co novo mapa formulado polo Goberno, algúns cidadáns, como é o caso dos do Courel, terán que asumir desprazamentos de case dúas horas para chegar ao novo Tribunal Provincial de Instancia, que estará situado no concello da capital.

Á vista destes datos, queda claro que o proxecto do Goberno de Rajoy discrimina á cidadanía, ocasionándolle máis custos e limitando o seu acceso á Xustiza. Asimesmo, provocará un colapso do órgano da capital, pois este terá que asumir en solitario os 36.000 casos que atenden na actualidade as nove circunscricións lucenses. Só a de Monforte, tramita preto de 7.000, de tal xeito que sitúa como o terceiro Xulgado da provincia con máis volume administrativo. En primeiro lugar, atópase o da capital con máis de 18.000 expedientes e, en segundo lugar, o de Viveiro con máis de 4.400.

Máis medidas do PSOE

A maiores das xornadas informativas, que continuarán o día 10 en Viveiro e, posteriormente, nas restantes cabeceiras de comarca con Partido Xudicial, os socialistas tamén continúan coas concentracións e coa campaña de recollida de sinaturas por toda a provincia. E é que, tal e como denunciaron en distintas ocasións, o proxecto supón un novo recorte doutro servizo público para os veciños dos municipios que conforman as oito circunscricións que pretende eliminar o Goberno estatal.